




A BUXAINA







3 anos

PLANTAMOS FLORES
EN BANCOS



ENCHEMOS DE
TERRA O VALEN







DESPOES FI TEMOS UN BURAPU



ALI METEMOS A SEMEVA





ESTE TRABALLO FOI REALIZADO
POR:

IAGO JOEL ESTELA
IKER ZELENA IKER I.
BILAL SERGIO ALDARA
BRAIS SOFIA DAVID
ILENA DIEGO THIEN
RAUL





4 anos



EN NOVEMBRO VOLVEMOS A OBSERVAR O NOSO PATIO E DESCUBRIMOS QUE GRAZAS Á CHOIVA SAÍRON MOITOS COGUMELOS.

OS NENOS E NENAS DESTA CLASE DECIDIMOS, A PRINCIPIOS DE CURSO, POÑERNOS A INVESTIGAR SOBRE ALGUNHAS DAS COUSAS QUE TEMOS NO NOSO PATIO QUE CASE SEMELLA UNHA PEQUENA FRAGA.

NO NOSO PRIMEIRO PASEO DESCUBRIMOS UN MONTÓN DE FOLLAS CAÍDAS DE MOITAS CORES E FORMAS, E AS CLASIFICAMOS ATENDENDO A ESTAS CARACTERÍSTICAS.

DESPOIS DESTE PASEO EMPEZAMOS A FACERNOS MOITAS PREGUNTAS COMO: POR QUE CAEN AS FOLLAS DAS ÁRBORES EN OUTONO? POR QUE ANTES DE CAER ESAS FOLLAS VAN MUDANDO A SÚA COR VERDE POR OUTRAS CORES COMO A LARANXA, VERMELLA, AMARELA, MARRÓN...?, AS ÁRBORES ESTÁN VIVAS? QUE COMEN E COMO O FAN?, TODAS AS ÁRBORES DAN FROITAS?,...

POR ISO DECIDIMOS INICIAR UN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN SOBRE AS ÁRBORES.



POR ISTO FOMOS DE EXCURSIÓN Á XXV SEMANA MICOLÓXICA DE FERROL A VER MÁIS TIPOS DE COGUMELOS E APRENDER UN POUQUIÑO MÁIS






EN DECEMBRO, SEGUINDO CO NOSO PROXECTO SOBRE AS ÁRBORES, INVESTIGAMOS POR QUE SE ADORNAN OS ABETOS E PIÑEIRO NO NADAL, E DESCUBRIMOS MOITAS COUSAS INTERESANTES... TAN INTERESANTES QUE ACORDAMOS FACER UN PROXECTO O PRÓXIMO NADAL SOBRE O UNIVERSO...



EN XANEIRO, APROVEITANDO QUE CELEBRAMOS O DÍA DA PAZ, ESTIVEMOS APRENDENDO MOITAS COUSAS SOBRE A NOBEL DA PAZ WANGARÍ MAATHAI, QUE CO SEU TRABALLO CONSEGUIU QUE KENIA NON SÓ NON QUEDARA SEN ÁRBORES, SENON QUE PROMOVEU A SÚA REPOBOACIÓN.





ESTE CURSO DECIDIMOS ENTRE TODA A ESCOLA POÑER A FUNCIONAR OUTRA VEZ A NOSA HORTA, E COMO ADEMAIS ESTAMOS APRENDENDO A SER CADA VEZ MÁIS ECOLÓXICOS, ESTAMOS A FABRICAR ENTRE TODOS O NOSO PROPIO COMPOS PARA ABONAR A TERRA. POR ISO NA NOSA CLASE ADEMAIS DE SEPARAR OS RESIDUOS TEMOS UN COLECTOR ESPECIAL PARA O NOSO COMPOSTEIRO.



OS NENOS E NENAS DE SEGUNDO EXPLICÁRONNOS NA HORTA MOITAS COUSAS SOBRE AS PLANTAS QUE XA PLANTARAN, E TAMÉN FOMOS REGAR




O 15 DE MAIO CELEBRAOS O DÍA DA ÁRBORE E O DA POESÍA DECORANDO UNHA ÁRBORE ENORME CON TODOS OS ANIMAIS QUE VIVEN NELAS E CON POEMAS. AOS DE INFANTIL TOCÁRONNOS OS PAXAROS E NA NOSA CLASE FIXEMOS UN NIÑO



XA NO TERCEIRO TRIMESTRE DECIDIMOS POÑERNOS A INVESTIGAR MÁIS A FONDO SOBRE AS ÁRBORES A PARTIRES DOUTRA SAÍDA PARA VER COMO ESTABA O NOSO PATIO NA PRIMAVERA.

DESPOIS DO PASEO COMEZAMOS POR LEMBRAR QUE SABEMOS DELAS? QUE QUEREMOS SABER? E QUE PODEMOS UTILIZAR PARA AS NOSAS INVESTIGACIÓNS? ENCHIMOS DE LIBROS E OUTRAS COUSAS O NOSO RECUNCHO DO PROXECTO GRAZAS A AXUDA DAS FAMILIAS E Á BIBLIOTECA DO CENTRO.



DURANTE UN TEMPO TIVEMOS UNS COMPAÑEIRO NA NOSA CLASE, UNS CARACOIS QUE NOS ENTREGOU A MESTRA LOLI PARA QUE OS COIDARAMOS, XA QUE ESTABAMOS A APRENDER TANTAS COUSAS SOBRE AS ÁRBORES E OS ANIMAIS QUE VIVEN NELAS. PERO DESPOIS DUNS DÍAS DECIDIMOS LEVALOS AO COMPOSTEIRO PARA QUE VIVISEN CON OUTROS CARACOIS EN LIBERDADE. ISO SÍ, O ANO QUE VEN TAMÉN QUEREMOS APRENDER MÁIS COUSAS DOS CARACOIS.



PARA VER COMO SON AS PARTES DAS ÁRBORES, E DAS PLANTAS EN XERAL, PLANTAMOS POR EQUIPOS UNHAS LENTELLAS E FABAS QUE POUCO A POUCO FORON MEDRANDO.





TAMÉN PLANTAMOS SEMENTES DE FLORES PARA ADORNAR A NOSA CLASE. XA ESTÁN EMPEZANDO A SAÍR.



AGORA POR EQUIPOS ESTAMOS INVESTIGANDO TODAS ESAS COUSAS QUE QUEREMOS SABER SOBRE AS ÁRBORES. IRÉMOSVOS CONTANDO MÁIS NA PÁXINA WEB







NADA MÁIS CHEGAR MERENDAMOS





DEPOIS VIMOS UNHA OBRA DE TEATRO




CON CARMOLA MOTO COMO PROTAGONISTA



FIXEMOS UNHAS CHOCOLATINAS E MENTRAS
REFREMAN...







Queridas familias, aquí vos amosamos unhas fotos co mellor deste curso, xa que ademáis de estudar e facer tarefas fixemos unha morea de cousas, esperamos que vos gusten:

MAGOSTO - SAMAÍN

En primeiro lugar temos estas fotiños do Magosto e máis do Samaín que celebramos aló polo mes de novembro. A que vos da medo Castácula?





NADAL



En segundo lugar amosámosvos fotos do Nadal, no que traballamos decorando o cole con Papá Noel, o Apalpador, os Reis Magos, árbores de nadal, etc. Ademáis fixemos unhas carpetas de Doraemon que levamos de agasallo para gardar os nosos traballos. Aquí esta un resumo do que fixemos en 1º Curso

Páxina a cargo do grupo de 1º E.P.

PÁXINA



Páxina a cargo do grupo de 1º E.P.




Tamén fixemos unhas carpetas de Doraemon que levamos de agasallo para gardar os nosos traballos.



DÍA DA PAZ

Estas son afotos dos murais para o festival do Día da Paz, aló polo mes de xaneiro, e quere adicámosllo a Wangari Maathai a Premio Nobel Da Paz de 2004.



DÍA DO POBO XITANO



Celebramos o Día internacional do Pobo Xitano, cantamos, bailamos e celebramos a igualdade que debe de existir entre tódalas persoas.

P
Á
X
I
N
A



ENTROIDO



E como nos íamos esquecer do entroido, aquí nos tedes disfrazados de notas musicais, lembrades?





UN BICO DE PARTE DE:
 ADRIÁN, ELENA, KEVIN, DAVID, CINTIA, YAIZA, SALOMÓN,
 ESMERALDA, NICOLÁS, JOSE LUIS, TATIANA, ESTRELLA, SAMIRA,
 SARA, EVELYN, PAULA



2º SOMOS A CLASE DOS GORILAS!!!

Comezamos o curso acordando unhas normas de conduta e aprobando unha constitución.



Temos a sorte de poder contar cun encerado dixital, así podemos, entre outras cousas consultar o tempo que vai facer. Aprendimos moito de meteoroloxía

Este curso traballamos moitas veces en equipo. A nosa clase estivo organizada en seis grupos, que foron cambiando en cada trimestre. Traballamos como mellorar os equipos. Axudounos o vídeo "Cinco tocando a guitarra" facer.






Descubrimos que no noso patio hai un tesouro, son as árbores que nos acompañan nos recreos, nas entradas e saídas. Aprendemos como se chaman e algunhas das súas características. Un enxeñeiro forestal veu falarnos dos carballos

Estudamos o lixo. Aprendemos as tres erres, Reciclar, Reutilizar e Reducir. Todos os nenos e nenas do colexio foron traendo á nosa aula o aluminio usado. Ao final puidemos vendelo. Así, ademais de contaminar menos, puidemos mercar un libro para a biblioteca



O que máis nos gustou este curso foi estudar ao xenio Leonardo da Vinci. Coñecemos moitas das súas obras, copiámolas e mesmo nos atrevemos a ser inventoras e inventores como el





Celebramos a Wangari Mathai polo Día da Paz, escribindo moitas poesías sobre ela. Investigamos a biografía e a obra de Rosalía de Castro



No Día Internacional do Pobo xitano aprendemos o himno internacional o "Gelem gelem"

Camiñei, camiñei por longos camiños
Encontrei afortunados romà
Ai! romà, de onde vides
coas tendas e as crianzas famentas?

Ai! romà, ai! rapaces.
Tamén eu tiña unha grande familia,
foi asesinada pola Lexión Negra,
homes e mulleres foron descuartizados
entre eles tamén crianzas pequenas.

Ai! romà, ai! rapaces.
Abre, Deus, as negras portas
que poda ver onde está a miña xente.
Voltarei a percorrer os camiños
e camiñarei con afortunados calós.

Ai! romà, ai! rapaces.
Avante Xitanos! Agora é o momento
Veñan comigo os romà do mundo
A cara morena e os ollos escuros
gústanme tanto como as uvas negras.

Con Joam Miró aprendemos a observar os debuxos que facían en Educación infantil, e os coloreamos co "punto de mira de Miró"





Este curso tivemos unha profesora de agricultura, Emilia. Plantamos moitas cousas, leitugas, pirixel, chícharos... O peor foi que nos roubaron algunhas leitugas. Emilia explicounos que si foi para comer outras nenos/as, que non nos debía preocupar.



Coa axuda do profesor de 1º tivemos un obradoiro de banda deseñada. Oscar debuxa moi ben e nós aprendemos con el.



Cando estudamos o mercado de Caranza soñamos moitas cousas para facer.



Fomos á Biblioteca Municipal, á Casa do Mel e ao Museo do Xoguete á Capela. Agora de fin de curso, imos ir de viaxe en tren a Ortigueira. Boas vacacións!!! Vémonos en 3º!!!





BIBLIOTECA CENTRAL

Durante este curso non puidemos facer moitas saídas escolares debido á crise pero, no 1º trimestre e aproveitando o bo tempo, fixemos unha moi divertida.

Fomos camiñando dende o noso colexio ata a Praza de España para coñecer mellor a nosa cidade e visitar a Biblioteca Central.



Ademais trouxemos información para as nosas familias e un préstamo "delicioso". Este libro permitiunos elaborar unha receita na escola e... probala naturalmente.

SALCHICHÓN DE CHOCOLATE

Ingredientes:

- 200 gramos de chocolate negro.
- 150 gramos de azucre glas.
- 50 gramos de manteiga.
- 12 aléxis.
- 10 nozes.
- 1 xema de ovo.
- 2 culleradas sopeiras de tona.
- 2 culleraditas de vainilla líquida.
- 10 anacos de laranxa confitada.

Elaboración:

- 1º Derretemos o chocolate troceado coa manteiga e a tona no micro.
- 2º Misturamos nunha cunca 100 gramos de azucre coa xema de ovo e a vainilla líquida. Cando rematamos, misturamos co chocolate anterior e baleamos ben ata conseguir unha masa brillante e uniforme.
- 3º Nun morteiro trituramos as aléxis e as nozes, cortamos miudiños os troceiros de laranxa confitada e engadimos todo á mezcla.
- 4º Colocamos a masa sobre film transparente, a enrolamos e lle damos forma de salchichón.
- 5º Deixámolo enfriar na nevera 2 horas como mínimo. Cando o retiramos aquí quitámolle o plástico recobrimos de azucre glas.
- 6º Lonche aos serrimos e ¡comemos! Fin





MAGOSTO - SAMAÍN




Traballando sobre o outono para unha exposición fixemos uns carteis moi interesantes



Para a festa do Magosto-Samaín o noso ciclo dramatizou un conto sobre o medo titulado "Fiz, o coleccionista de medos". A pesares dalgún problemíñas coa megafonía todo resultou moi ben.



VÍDEO CONFERENCIA





No mes de novembro tamén asistimos na nosa biblioteca a unha vídeoconferencia sobre os bosques para conmemorar o día da ciencia. Ao final puidemos enviar á conferenciante as nosa preguntas, Tamén coñecemos a dúas célebres mulleres científicas: Marie Curie e María





NADAL

Xa andamos metidos en tempos de Nadal e as actividades son frenéticas xa que hai que portarse moi ben para poder recibir agasallos. Para dedicarlles ás nosas familias felices festas elaboramos unhas tarxetas de felicitación xigantes, tamén desenrolamos o noso talento literario cuns contos navideños moi entretidos e por último, actuamos no festival cantando e bailando dando mostras dunhas dotes artísticas extraordinarias.



A Wangari Maathai porque é a muller árbore.

A Wangari Maathai porque lle deron o Nobel da

A Wangari Maathai para plantar máis árbores.

A Wangari Maathai para non pelexar.

A Wangari Maathai para coidar a natureza.

A Wangari Maathai para que aprenda a amar.

A Wangari Maathai para non destruír os bosques.

A Wangari Maathai para que non falemos máis.

A Wangari Maathai para que comecemos a actuar.

A Wangari Maathai para non rendermos xamais.

DÍA DA PAZ

Este ano preparamos o Día da Paz traballando arredor da figura de Wangari Maathai, unha muller africana que creou un movemento de axuda á conservación dos bosques en África.

Preparamos poemas para ler publicamente e fixemos un mural e un móbil con eles.





ENTROIDO

Durante o mes de febreiro traballamos sobre o Entroido preparando coplas, testamentos e disfraces para a comparsa que este ano representaba a unha escola.
A nós tocounos ir vestidos de lapis e gomas. ¡Estábamos guapísimas!



Durante o Entroido tamén estudamos os alimentos típicos destas datas e recibimos a visita dunha querida profesora, xa xubilada, que nos ensinou a facer freixós.
¡Hai vai a receita e as fotos desta estupenda xornada!



Lapicinxos

Ingredientes:

- 6 ovos
- 6 culleradas de farinha
- un grolino de azais
- unha pizquiña de sal
- 1/2 litro de leite
- 1/2 litro de auga
- Un amoco de leucino de porco para engrasar

Elaboración:

Mestúranse todos os ingredientes coa batidora.
Déixase reposar a masa un par de horas.
Quéntase na tixola ou filloeira e untámola co tovero.
Bótase unha cullerada de amoco e déixase callar.
Cando comecen a despegar dáselles a volta e quitámonos la cos dedos.
Botamos axoche ao gusto.





VOLTA CICLISTA

No mes de marzo tivemos a visita dunha sección da Volta Ciclista a España chamada Volta Júnior. Fixemos dúas actividades, unha teórica, onde aprendemos normas de circulación para ser bos ciclistas e outra práctica onde percorremos diferentes circuítos preparados no pavillón Damos os nosos parabéns a Jenifer, Csaba, José e Xam, que foron seleccionados para representar ao noso ciclo na chegada á cidade da Volta Ciclista a España 2012.



A CAPELA

Neste mesmo mes disfrutamos dun día marabilloso no que aprendemos moito pero dun xeito moi divertido, xa que, visitamos A casa do mel de Goente e a Escola da Capela . Na casa do mel aprendemos todo o preciso de elaboración deste produto natural e fixemos unha deliciosa degustación deste produto.



COMO SE FAI UNHA VELA

- 1º Queentamos a cera.
- 2º Ponémolle un cordel de mecha ben estirado no bordo do lado longo e vertical quedando un trocisco fóra.
- 3º Dóbramos o bordo da cera para suxeitar a mecha e comezamos a facer un rolo.
- 4º Cando temos o rolo abrímoslle con cuidado os bordos para faceres adornos.
- 5º As tintamos con cores e xa temos a vela lista.

Tamén descubrimos que outro produto que se saca das colmeas é a cera. Pode ser utilizada de moitos xeitos pero nós aprendemos a facer unhas candeas chulísimas que levamos para agasallar ás nosas familias.



A continuación fomos á aula de interpretación de xogos tradicionais que teñen no cole da Capela e disfrutamos en compañía dos "mestres" que nos ensinaron os xogos.



CONTA COMIGO

Como todo o colexio, participamos no proxecto Conta Comigo, encamiñado a mellorar as estratexias lingüísticas do alumnado.





POESÍA E IMAXE

No segundo trimestre participamos no XII Certame de Poesía e Imaxe "Ferrol sen filtro".
Dámoslle os nosos parabéns a David Nusica por quedar seleccionado entre os premiados.



MERCADO DE CARANZA

Tamén fixemos un proxecto sobre o funcionamento do Mercado Municipal de Caranza que constou de varias fases:

1ª Visitar ao mercado provistos de enquisas onde recollemos información





2ª Debuxamos o mercado e valoramos a información obtida



3ª Fixemos propostas para a urbanización do espazo na traseira do mercado



HORTO

Para rematar vos deixamos coas fotos que amosan "a nosa faceta agricultora".
Agradecemos a axuda da nosa querida Emilia.





ENTREVISTA A MARGA

Marga é unha persoa boísima, moi cariñosa e tamén moi amable; veu visitarnos porque foi mestra do Manuel Masdías e coidounos moitos anos, quíxonos moito e tamén quería moito o galego.

Aprendimos moito con ela, deu as clases moi ben, era moi creativa e gustáballe moito a natureza. Ela era moi graciosa porque sempre que alguén se portaba mal, chamáballe “guapo” para que se tranquilizase.



1. ¡Botámoste de menos, Marga!

Xa só por esa frase pagou a pena pasar vinte e tres anos no Manuel Masdías. Grazas, eu tamén vos boto de menos. Nin as persoas máis achegadas son quen de imaxina-la complicidade que se produce entre quen traballamos e creamos xuntos e xuntas. É o noso tesouro para sempre.

2. Es moi especial para nós, ¿e nós para ti?

Levo pensado moitas veces cando cruzaba o patio dende a miña casa por que camiñaba tan leda tódalas mañás e agora sei por que. En ningún sitio me atopei tan visible, acompañada, estimada, realizada como cando compartín con vós as palabras, os debuxos, a natureza, a vida... Foi moi bonito, fostes moi importantes. Seguro que só o entendemos nós, que fomos quen de vivir eses sentimentos.

3. ¿Vas vir ó Magosto?

Se podo. irei; polo menos mentres no colexio quede xente que me coñeza e teña compartido comigo tantas e tantas festas e aventuras. Ademais de vós e dos de sexto, que sóde-los únicos cursos que quedan ós que lles dei clase, tamén están os amigos e amigas mestres e moitas nais e pais.

4. ¿E ó Nadal?

Xaora que si. Temos que comparti-la festa. Voume notar rara por non estar involucrada nela, pero seguro que estarei encantada de observarvos dende fóra nunha data que produce tanta felicidade: vacacións, agasallos, larpeiradas... ¡Que marabilla! ¡Non se pode pedir máis!

5. ¿Despediraste de nós cando vaiamos para o instituto?

Será a derradeira despedida no Manuel Masdías. Espero que cando me atopedes pola rúa sexades quen de saudarme e non sufrades esa enfermidade que padecen algúns ex-alumnos, que parece que non te coñecen. Aínda que a maioría seguen estando aí; sempre.



BIOGRAFÍAS

CASTELAO

O escritor galego Castelao naceu o 30 de xaneiro de 1886 e morreu no 1950. Foi homenaxeado como político, escritor, pintor galego e traballador pola vida cultural de Galicia no segundo día das letras galegas, no ano 1.964. Escribe libros: "A nosa terra", "Sempre en Galiza", "Cousas" e fai debuxos: "Nós"...



XOSÉ NEIRA VILAS

Naceu o día 3 de Novembro de 1928 en Vila de Cruces, Galicia.

A súa obra "Memorias dun neno labrego" é o libro máis lido da historia da lingua Galega. En 1949 foi a Bos Aires a conseguir traballos moi diversos.

Fixo moitas obras unhas delas foron: "A muller de ferro", "Arredor do Mundo", "A marela Taravela ...

Ten unha biblioteca pública municipal na Avenida Martínez Garrido, 21, 36205 Vigo, o teléfono da biblioteca é 986267759.





PEPE CARREIRO

É autor galego que naceu en Vigo en 1.954 gañou en 2.003 o premio Ourense da banda deseñada .


Fixo unha colección duns personaxes que van sempre de aventuras, se chaman "Os Bolechas", tamén fixo "O formigón".

Foi fundador de revistas.

Edita en galego, castelán e portugués.

E moi bo autor e debuxante.

E ten un fillo que se chama Abraham Carreiro e tamén é escritor.




UXÍO NOVONEYRA

Naceu en Seoane do Courel o 19 de xaneiro de 1930 e faleceu en Santiago de Compostela o 30 de outubro de 1999. Por ser un gran poeta e escritor galego adicóuselle o día as letras galegas de 2010. Uxío Novoneyra falaba castelán e galego.

A súa esposa chamábase Elba Rei. Algunhas das súas obras son: O cubil do xabarín, Os eidos e Tempo de elexías.

Uxío Novoneyra ten una rúa con seu nome en Pontevedra



XABIER DOCAMPO


Francisco Xabier Puente Docampo, coñecido popularmente como Xabier P. Docampo, nado en Ràbade o 5 de Abril de 1.946, é un mestre , escritor, contacontos , actor de teatro, guionista e promotor da lingua e a cultura galega, ademais de animador á lectura é experto en bibliotecas escolares .

Traballou como mestre en varios colexios e durante oito anos en "Preescolar na casa".

A súa tarefa pedagóxica intégrase na chamada Nova Escola Galega.

Fixo moitas obras coma estas:

"O país durminte", "Cando petan na porta pola noite", "A nena de auga" e "O príncipe de lume "... etc.






MANUEL RIVAS

Manuel Rivas nado o 24 de outubro de 1957 na rúa Marola do barrio coruñés de Montealto.

En 1994 recibiu o premio crítica ás letras galegas por "Salvaxe compañía".

Manuel Rivas é escritor e xornalista, escribiu "O lapis do carpinteiro", "A man dos paños", "As chamadas perdidas", "Bala perdida"...

"O lapis de carpinteiro é a novela galega contemporánea máis apoiada polos lectores; conta con 19 edicións e case sesenta mil exemplares vendidos en lingua galega.



SOFÍA CASANOVA



Sofía Pérez Eguía e Casanova de Lutoslowski máis coñecida como Sofía Casanova, nada en Almeiras o 30 de setembro de 1861 e finada en Poznan o 16 de xaneiro de 1958, foi unha poetisa, novelista xornalista galega moi prolífica.

Escribiu "Episodio de guerra", "Galicia la inefable", "Como en la vida", "La mujer española", en el extranjero, "Lo eterno"...

SUSO DE TORO

Xesús naceu o 10 xaneiro de 1956, el é máis coñecido como Suso de Toro.

Naceu en Santiago de Compostela é un escritor, escribe novelas de aventuras.

Algunhas das súas obras son:

"A carreira do salmón", "El hombre sin nombre", "El príncipe manco", "El pueblo de la niebla", "Trece campadas".





HIP - HOP

As poesías que fixemos no día da Paz, a ritmo de Hip-Hop foron moi divertidas, ríame moito. O líder era eu e gustoume os ensaios no salón de actos. As roupas molaban, eu levei dous medallas e unha camiseta grande do meu pai.

Sergio



As poesías de Hip-Hop gustáronme moito porque divertímonos e algúns quedaban en branco e iso daba moita risa e molaba. O que me gustou foi as rimas das poesías.

Gerson



Pareceume unha forma moi bonita de expresar o Día da Paz porque dicía mensaxes e á vez con música de Hip-Hop. Foron moi orixinais e por grupos. O mellor foi o final, todos xuntos bailando e cantando

Silvia



Gustoume moito con ese ritmo, especialmente a poesía que tiña o retrouso: "festa, festa as árbores protestan". É moi agradable facelo así e tamén gustoume a poesía de Sergio e os de 6º. Foi moi divertido!

Jessica

Non me gustou moito porque a min non me gusta cantar en público, xa que non me gusta como canto. Pero ante todo hei de admitir que é unha idea moi orixinal e nunca o fixera antes

Michelle



Facer as poesías da paz co ritmo de Hip-Hop gustoume moito e foi unha experiencia moi especial, aínda que cos nervios, o día da actuación equivocámonos, pero para disimular, cantamos o retrouso ata que rematou a canción.

Andrea





Pareceume moi ben o da poesía da paz con ritmo de Hip-Hop, pero gustaríame bastante máis con instrumentos. Foi orixinal dicilo cantando, unha forma diferente, para que os nen@s divírtanse.

Ángel



Facer as poesías da paz, no estilo de Hip-Hop foi unha experiencia moi divertida da que disfrutei moito. Por min sempre o faría así porque os/as nen@s prestan máis atención xa que lle dá mais graza e humor á poesía.

Alba



Encantoume, pero púxenme bastante nerviosa e case non me acordaba da poesía que fixemos unha compañeira e mais eu. Foi moi orixinal. O mellor Día da Paz de todos estes anos.

Marta



O Hip-hop foi moi bonito. Paseimo ben bailando con Eloi e Michelle cando bailamos con Sergio. Foi o mellor día da miña vida.

Yoel



Este ano os de 6º tivemos que inventar unha poesía e despois rapeala, foi moi divertido. Andrea mais eu a fixemos moi rápido. Nos ensaios había que cantala moi alto e bailar.

Betania



Gustoume moito o Hip-hop, aínda que tiven moita vergoña. O pasei moi ben ese día. Tivemos que ensaiar no recreo e na casa. Gustoume a decoración do salón

Nico



DESPEDIDAS SEXTO



O meu paso polo colexio foi boísimo. De pequeno, cando entraba pola porta do colexio sempre choraba e agora que me teño que ir, non quero.

Quero despedirme de: Xoán (Teacher), María, Mónica, óscar, Maribel, Marga, Sandra, Pili, Lupe e Roberto. Adeus e moitos bicos para tod@s.

Sergio

Adeus: ao colexio Manuel Masdías, aos meus compañeir@s e aos meus amig@s. Hai algúns que os botarei de menos e aos mestres tamén.

Gerson

Escribo estas palabras para despedirme: dos mestres que sempre me apoiaron, aínda que tiveron que aguantarme; dos alumn@ que foi unha pasada estar con eles e pola súa axuda e do colexio, que botarei de menos. Un bico.

Diana

O meu paso polo colexio foi bonito porque paseino ben facendo actividades e outras cousas. Tamén tiña moitos deberes, pero me levo de aquí momentos bonitos e felices.

Silvia

Ata nunca Manuel Masdías, despídome de tod@s os mestres. De Maribel: que este ano paseino moi ben; de Marga, que foi a mellor mestra para min e de Óscar, o director.

Yoel

Gustoume moito o paso polo colexio Manuel Masdías. Fixemos moitas obras de teatro e moitas cousas. Os profesores dábannos charlas moi divertidas e veu xente doutros sitios para explicarnos como se sentía outra xente. Vou botar de menos aos profesores/as e amig@s.

Ángel



O meu paso polo colexio gustoume moito, con mestres e compañeir@s nov@s. A excursión que máis recordo foi a do acuario de A Coruña. Quero despedirme de tod@ os profesores e profesoras en especial dos que me deron clase.

Andrea

O meu paso polo colexio foi moi variado, coñecín a moitos profes e alumnos dos que teño moi bos recordos. A profesora que máis quixen foi Marga, a profesora que deume 2º, 1º e 5º porque ensinoume moitas cousas e foi unha profesora moi boa.

Alba

Voume despedir de todos os meus compañeir@s e profesores. O que máis me gustou foi cando fun con Marga a Santander e vimos moitos animais.

Jessica

Tantos anos no mesmo colexio, que o que máis me gustou foi a profesora Marga e espero volver vela. Botareivos moito de menos. Ata pronto.

Marta

Neste colexio paseino moi ben porque sempre celebramos todas as festas. Tamén fixen moitos amig@s. En especial quería despedirme dos meus catro mellores amig@s: Jessi, Alba, Marta e Sergio. Tamén de todos os profesores que me deron clase.

Michelle

Dáme un pouco de pena irme de aquí porque paseino moi ben este curso e fixen moi bos amig@s: Andrea, Yoel, Sergio, Jenni... tamén vou botar de menos o comedor porque pasei moitas aventuras con David, Sulamita, Talía...e algúns profes como: Óscar, Teacher, Roberto, Rosa Maribel...

Betania

A miña experiencia no colexio foi moi divertida, gústanme moito as festas. Os recordarei sempre.

Nico

Eu sempre recordarei a este colexio, xa que aquí fixen moitos amig@s e os profesores foron moi bos.

Eloi





Un curso máis dende a biblioteca intantomos achegar aos nosos nenos/as ao marabilloso mundo da lectura



Tamén incorporamos cada curso novos fondos que melloran a nosa colección






Procuramos participar en tódalas festas con exposicións de libros, elaboración de traballos sobre o tema, murais, etc.



No panel exterior da biblioteca propuxemos un gran xogo de pistas arredor dos cambios que as persoas sufrimos co paso do tempo. Moitos nenos/as participaron pero poucos descubriron as verdadeiras relacións entre as fotos da infancia, as pistas e como son os profes hoxe en día



Tiven unhas visitas mensuais moi divertidas nas que tódolos nenos e nenas do cole participaron para mellorar as súas "e tamén as miñas" competencias lingüísticas





Celebramos diferentes datas significativas con lecturas colectivas , con elaboración e recitado de poemas, incluso algúns "rapeados" para mellorar a atención do público.



Tamén houbo exposicións nos corredores e na biblioteca que suxeriron traballos e conversas moi interesantes.



Un ano máis enviamos a tódalas casas unha representación dos nosos fondos nas mochilas viaxeiras. Agradecemos as familias o seu coidado e as suxerencias que nos dan nas libretas viaxeiras.



Este curso moitos alumnos/as do cole foron a coñecer a biblioteca central da cidade





Esta curso, de novo, puxemos en marcha os apadriñamentos lectores. Nesta actividade intentamos favorecer o aprendizaxe de modelos lectores a través da creación de vínculos afectivos entre os alumnos/as máis maiores, padriños e madriñas, e os máis pequenos, afillados/as que nos permiten dar a coñecer os fondos e mellora a competencia lingüística de todo o alumnado.




E para despedirme, quero deixar unha foto coas novas axudantes de biblioteca. Moitas grazas pola vosa axuda





ENGLISH ACTIVITIES

WHO IS WHO?



DATE



WHERE IS ...?



WORDS SENTENCES





ZIPADEE

Surname: **Masdías**
 Date of birth: **27th - May - 2004**
 City : **Ferrol**
 Century: **XXI**
 Job: **magician**
 Nationality: **Galician**
 Favourite colour: **purple**
 Favourite Food: **pizza**
 Lucky number: **twelve**



TEDDY

Surname: **Masdías**
 Date of birth: **4th - January - 2008**
 City : **Ferrol**
 Century: **XIX**
 Job: **student**
 Nationality: **Galician**
 Favourite colour: **light blue**
 Favourite Food: **vegetables**
 Lucky number: **three**



MUMBO

Surname: **Masdías**
 Date of birth: **1st - April - 2004** 7
 City : **Ferrol**
 Century: **XXI**
 Job: **student**
 Nationality: **Galician**
 Favourite colour: **pink**
 Favourite Food: **fish and chips**
 Lucky number: **sixty - one**





Página a cargo do grupo de



P
Á
X
I
N
A